

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 20 DE MARZO DE 2012

LICENZAS

EDIFICACIÓN.-

LIC/1621/2011.- JOSÉ MARÍA VILAS MAYO.- Conceder licenza para rehabilitación (reforma de local para cambio de uso) na rúa dos Pelamios nº 22, 000 A.

LIC/174/2012.- VICENTE COUSELO CAROLLO.- Conceder licenza para rehabilitación de cuberta e conservación de fachadas na rúa do Olvido nº 2.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE ACTIVIDADES.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/1871/2010.- CAIXANOVA.- LIC/814/2008..... 2.000 €

3.- Aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza Municipal de Tramitación de Actividades.

A proposta da Concelleira de Urbanismo a XGL aprobou as modificacións da Ordenanza Municipal de Tramitación de Actividades.

5.- Propostas da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego relativas a axudas de carácter social.

A XGL aprobou a concesión de diferentes axudas sociais por un importe de 5.925,12 €.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Rehabilitación, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

A XGL aprobou as axudas destinadas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

7.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

39.- Autorización Traspaso das casillas do Mercado de Abastos, NC45-46 a favor de MIGUEL GIL MUÑOZ

A XGL autorizou o traspaso de acordo coa documentación anexada no expediente e considerando o informe favorable do Consello Rector do Mercado de Abastos.

40.- Transmisión da licenza de autotaxi nº 20 a favor de MARIO LIMES CASTRO

A XGL aprobou a transmisión da licenza de autotaxi nº 20 de acordo aos documentos aportados e atendendo ao artigo 20.d) do Regulamento do servizo de transporte urbano en automóviles de aluguer con conductor.

41.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento do recurso de alzada interposto contra o acordo adoptado na asemblea xeral do 3/10/2011 pola Xunta de Compensación do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25). Roxos.

A XGL rexeitou o recurso de alzada presentado por Obras y Vías de Galicia, S.A. e a suspensión formulada por esta mesma entidade contra os acordos adoptados pola asemblea xeral da Xunta de Compensación do SUNP-25 de Roxos.

42.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á inscrición dunha empresa no Rexistro Técnico de Rehabilitación.

A XGL aprobou a inscrición dunha empresa no Rexistro Técnico de Rehabilitación en base ao informe favorable co que conta.

43.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes dando conta da apertura e recepción dun campo de fútbol en San Lázaro (zona Sergas).

A XGL aprobou a apertura e recepción dun campo de fútbol en San Lázaro tras subsanar unha serie de actuacións pendentes.

44.- Proposta do concelleiro delegado de Educación relativa ao nomeamento de representante municipal na Comisión de Escolarización para o curso 2012-2013.

A XGL aprobou o nomeamento de Ángel Currás Fernández como representante municipal na Comisión de Escolarización para o curso 2012-2013, de acordo co regulado no artigo 43.d) da Orde 17 de marzo de 2007 sobre a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos para o curso 2012-2013.

URXENCIAS

1.- Apróbase o proxecto de ordenanza municipal para a instalación de ascensores.